

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Pola presente dáse publicidade ao literal do Decreto núm. 296/2025 de día 26.05.2025 de no que se convoca a sesión ordinaria do Pleno do Concello.

«Descrición decreto: EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE DÍA 29 DE MAIO DE 2025

EXPEDIENTE Nº 2025/G010/000008

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e o artigo 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes concluídos redactada pola secretaria da Corporación o día 26.05.2025, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, e o artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. - Convocar a todas as persoas membro do Pleno da Corporación á **Sesión ordinaria** que terá lugar no Salón de Sesións da Casa Consistorial, o próximo xoves **día 29.05.2025 ás 12:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no artigo 90 Real Decreto 2568/1986, entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

- 1 **LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES. SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE DÍA 24-04-2025, E SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE DE DÍA 05-05-2025**
- 2 **RENUNCIA DO CONCELLEIRO DO PARTIDO MUNICIPAL DO BNG DON LUIS PENA MOSQUERA.**
- 3 **MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 12. CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM. 2.**
- 4 **MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSdG-PSOE: PROPOSICIÓN NON DE LEI PARA A HABILITACIÓN DO USO DO GALEGO NO PARLAMENTO EUROPEO.**
- 5 **MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSdG-PSOE: DÍA INTERNACIONAL CONTRA A HOMOFOBIA A TRANSFOBIA E A LGTBIFOBIA.**
- 6 **DAR CONTA INFORME RESUMEN ANUAL DE CONTROL INTERNO 2024.**
- 7 **DAR CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. (EXECUCIÓN DO 1º TRIMESTRE DE 2025)**



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- 8 DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN 108/2025 DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE 2025.
- 9 DAR CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN AO MINISTERIO DE HACIENDA ISPA 2025 (RETRIBUCIÓN 31/12/2024)
- 10 ASUNTOS DE URXENCIA.
- 11 ACTIVIDADE DE CONTROL DE PLENO: DAR CONTA RESOLUCIÓN ALCALDÍA PRESIDENCIA.
- 12 ACTIVIDADE DE CONTROL DE PLENO: MOCIÓN URXENTES.
- 13 ACTIVIDADE DE CONTROL DE PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á secretaria xeral e á interventora municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal).

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D^a Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro)».

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola persoa funcionaria tramitadora así como pola Secretaria Xeral do concello de Pontedeume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

